

**ORDENANZA 3.18****TAXA POLA RETIRADA E RECOLLIDA DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA NAS  
VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS****Artigo 1º. Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.4 z) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e do disposto nos artigos 38, 70 e 71 do Real Decreto lexislativo 339/1990, este Concello establece a taxa por recollida e retirada de vehículos da vía pública, que se rexerá por esta Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo, e pola Ordenanza Xeral de circulación e uso da vía pública.

**Artigo 2. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible desta taxa:

1. A retirada, traslado e depósito de vehículos, nas circunstancias sinaladas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. A taxa queda supeditada ao acordo plenario
2. A inmobilización por medio dun procedemento mecánico de acordo co previsto na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública.

**Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as personas físicas ou xurídicas, e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que resulten



afectados pola prestación do servizo.

### Artigo 4º. Responsables

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### Artigo 5º. Cota tributaria

A cota tributaria será o resultado de aplicar o seguinte cadro de tarifas:

1. Retirada e traslado ó depósito municipal, por cada vehículo:
  - a) Motocicletas, bicicletas, motocarros e vehículos análogos ..... **15,18 €**
  - b) Automóbiles, furgonetas e vehículos análogos, de ata 1.100 Kgs. de peso. **45,67 €**
  - c) Automóbiles, camións, tractores, remolques, furgonetas e vehículos aná-logos, de más de 1.100 kgs. de peso- e menos de 2.500 kgs **68,97 €**
  - d) Camións e vehículos de más de 2.500 kgs., segundo tarifa da grúa alugada.

Se intervén o servicio de grúa pero non se realiza a retirada ou traslado do automóbil, as cantidades redúcense nun 50% agás que o vehículo xa estivese calzado para o seu remolque ou que teña un peso superior a 2.500 kgs.

2. Depósito de vehículos, por día ou fracción:



- a) Motocicletas, bicicletas e motocarros **1,50 €**
  - b) Automóbiles, furgonetas e vehículos análogos,  
de ata 1.100 kgs. de peso **4,06 €**
  - c) Automóbiles, camións, tractores, remolques, furgonetas e  
vehículos aná-logos, de más de 1.100 kgs. e menos de 2.500 kgs. **4,87 €**
  - d) Camións e outros vehículos de más de 2.500 kgs. de peso **11,83 €**
3. Por inmobilizacións de vehículos:
- a) Motocicletas, bicicletas e motocarros **7,53€**
  - b) Automóbiles, furgonetas e vehículos análogos  
de ata 1.100 kgs. de peso ...**22,96 €**
  - c) Automóbiles, camións, remolques, furgonetas e vehículos  
análogos de -más de 1.100 kgs. e menos de 2.500 kgs. **34,43€**
  - d) Camións, tractores, remolques, furgonetas de más de 2.500 kgs. **76,04 €**
4. Nas tarifas anteriores enténdense incluídos os gastos de aparellos mecánicos, depósito e custodia dos vehículos e persoal municipal necesario. Neste senso, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada ou inmobilización do vehículo serán por conta do titular, que deberá abonarlos ou gararantilo seu pagamento como requisito previo a devolución do vehículo, sen prexúicio do dereito de interposición dos recursos que caiban.

### Artigo 6º. Exencións e bonificacións

Estarán exentos do pagamento das taxas polos servicios regulados na presente Ordenanza os trasladados de vehículos que sexa preciso retirar das vías públicas no caso de sustracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas e nos supostos da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública.



### Artigo 7º. Obriga de contribuir

A obrigación de contribuír nace:

1. No momento en que se preste ou se inicie a prestación do servicio, entendendo por tal o momento no que interveñan os axentes municipais co fin de retirar, trasladar ou inmoviliza-los vehículos.
2. No caso de depósito do vehículo, no momento no que este chega o depósito municipal.

### Artigo 8º. Normas de xestión

1. Os axentes municipais ordearán, cando proceda, a inmobilización do vehículo, utilizando os medios que se estimen convenientes. Unha vez inmobilizado o vehículo, o seu conductor solicitará da autoridade competente a posta en circulación. Para que lle sexa concedida terá que satisfacer ou garantir previamente os gastos ocasionados pola inmobilización.
2. Nos casos nos que proceda a retirada dun vehículo, e previa orden dos axentes municipais, realizarase o traslado do automóbil ó depósito municipal, e seu titular será requerido para que no prazo dun mes pague a taxa e recolla o vehículo.  
O importe da taxa será liquidado e notificado ó interesado cando compareza a recoller-lo vehículo, e non será devolto ó seu propietario sen facer ou garantir antes o pagamento.
3. Cando os titulares dos vehículos depositados ou os seus domicilios fosen descoñecidos, as notificacións faranse mediante publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia por conta do interesado.
4. Transcorrido o prazo a que se refire o apartado 2 do artigo 8º sen que o titular se fixera cargo do vehículo e pagara as taxas orixinadas, procederá o cobro por vía de constrinximento.  
Para este efecto, o vehículo obxecto de depósito terá a condición de ben embargable en primeiro lugar.
5. As tasas desta Ordenanza son independentes das sancións ou multas procedentes pola infracción das normas de circulación ou policía municipal.

### Artigo 9. Infraccións e sancións



No tocante á cualificación de infraccións contra a presente Ordenanza, rexerá o disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 25 de outubro de dous mil sete. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil oito, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.